

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 25 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2025/26 (código de procedemento ED311A).

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, determina que o sistema educativo se orientará, entre outros fins, á consecución do pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, á educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal e ao desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

A Orde ECD/482/2018, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 4 de maio (BOE núm. 115, do 11 de maio), pola que se regulan os premios nacionais de bacharelato, con base no establecido no artigo 89 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón, no artigo 5, que poderá optar a estes premios, logo de solicitude, o alumnado que obtivese premio extraordinario de bacharelato na súa Comunidade Autónoma e, no artigo 2, que as administracións educativas competentes poderán convocar e conceder premios extraordinarios de bacharelato nos seus respectivos ámbitos de competencias.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consciente da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, convoca os premios extraordinarios de bacharelato.

En consonancia co anterior, en exercicio das competencias atribuídas no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de conformidade co establecido no artigo 4 da citada Orde ECD/482/2018, e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño,



de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, os premios extraordinarios de bacharelato (código de procedemento ED311A) correspondentes ao curso 2025/26 para o alumnado que finalizase os estudos de bacharelato neste curso nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia en calquera das modalidades establecidas no artigo 9 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 183, do 26 de setembro).

2. A finalidade destes premios é a de recoñecer e valorar os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Para dar cumprimento a tal fin créase a proba dos premios extraordinarios de bacharelato, en adiante proba PEB.

Artigo 2. *Número, orzamento e características dos premios*

1. Poderanse conceder ata un máximo de 20 premios extraordinarios.

2. A dotación para os premios será de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.423A.480.1 da Consellería que convoca, dos orzamentos do ano 2026, que se distribuirán entre as persoas premiadas na mesma contía, e que non poderá exceder os 1.000 € por premio. A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado para este fin.

3. O alumnado que obteña o premio extraordinario de bacharelato percibirá a dotación económica, de cumprir os requisitos establecidos no artigo 22 desta orde, e ademais reci-



birá un diploma acreditativo do mesmo. A distinción de obter premio extraordinario farase constar nas certificacións académicas que se emitan.

4. Estes premios son compatibles con outros premios, bolsas e axudas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou a entidade que os conceda.

5. As persoas que obteñan premio extraordinario de bacharelato poderán concorrer, logo de solicitude, ao correspondente premio nacional de bacharelato.

6. O alumnado que obteña o premio extraordinario de bacharelato poderá estar exento, durante o primeiro ano e por unha soa vez, do pagamento dos prezos públicos por matrícula no primeiro curso dos estudos superiores nun centro público, segundo se estableza na normativa vixente para o curso 2026/27.

7. A contía do premio extraordinario de bacharelato ten a consideración de subvención, de acordo co artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro). Actualmente, e para os efectos fiscais, a contía do premio extraordinario ten a consideración de rendemento de traballo e polo tanto estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

Artigo 3 *Características do procedemento de solicitude dos premios*

O procedemento de solicitude para optar aos premios extraordinarios de bacharelato terá dúas fases diferenciadas, con solicitudes diferentes para cada unha delas:

1. Na primeira fase, todo o alumnado que cumpra os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde e que desexe optar aos premios deberá solicitar primeiramente a matrícula na proba PEB. Dita proba ten un proceso de solicitude de participación propio. Isto é, ten uns requisitos, modelo de solicitude e prazos específicos, e a súa tramitación poderá ser formalizada directamente polo alumnado interesado nos propios centros educativos.

2. Na segunda fase, unha vez publicadas as cualificacións definitivas na proba PEB, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos no artigo 13 desta orde deberá formalizar unha solicitude para optar á subvención do premio extraordinario de bacharelato na forma, lugar e prazo indicados no artigo 14 desta orde.



CAPÍTULO I
Proba de premios extraordinarios de bacharelato

Artigo 4. *Requisitos para a matrícula na proba PEB*

Poderá presentarse á proba PEB o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Ter rematado e superado os estudos de bacharelato no curso 2025/26 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o currículo oficial vixente na mesma, ben na modalidade presencial ou na modalidade a distancia, e ser proposto para o título na convocatoria ordinaria do dito curso.

b) Ter acadado nas cualificacións do conxunto dos dous cursos de calquera das modalidades de bacharelato unha nota media igual ou superior a 8,75. Esta nota referirase á media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado. A nota media calcularase de acordo co establecido no artigo 31.3 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa (DOG núm. 111, do 13 de xuño).

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes para participar na proba PEB.

Artigo 5. *Forma, lugar e prazo de matrícula na proba PEB*

1. O alumnado que reúna os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde e desexe optar aos premios extraordinarios de bacharelato deberá formalizar a súa matrícula na proba PEB no xeito que se indica a continuación:

a) O alumnado formalizará a súa matrícula na proba PEB empregando o anexo I que acompaña esta orde.

b) O alumnado indicará no anexo I os seus datos persoais, os do centro educativo e a modalidade de bacharelato cursada nel; indicará a Primeira Lingua Estranxeira II cursada e a materia escollida entre as materias obrigatorias de modalidade ou vía cursada segundo o seguinte:

– Artes na vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño: Debuxo Artístico II.



- Artes na vía Música e Artes Escénicas: Análise Musical II ou Artes Escénicas II.
- Ciencias e Tecnoloxía: Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- Humanidades e Ciencias Sociais: Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.
- Xeral: Ciencias Xerais.

c) Así mesmo, o alumnado que teña recoñecida a exención de avaliación na materia de Lingua Galega e Literatura II poderá solicitar a través do anexo I a realización de todos os exercicios da proba PEB en lingua castelá, agás o exercicio de Primeira Lingua Estranxeira II.

d) O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no 2º curso de bacharelato poderá solicitar a través do anexo I a valoración de medidas de adaptación de tempos e/ou medios para a realización da proba. Xuntará unha petición concreta de adaptación e o informe psicopedagóxico emitido polo departamento de orientación do centro educativo onde cursara 2º curso de bacharelato que acredite a condición de necesidades específicas de apoio educativo nese curso.

e) O alumnado, as súas persoas representantes legais ou, no caso de menores de idade, a súa nai, pai ou persoas titoras legais presentará a súa solicitude de matrícula na secretaría do centro en que superase o 2º curso de bacharelato.

f) O alumnado presentará a súa solicitude de matrícula no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación desta orde.

g) Para resolver as dúbidas relacionadas co procedemento de matrícula, as persoas interesadas poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico premios@edu.xunta.gal

Artigo 6. *Procedemento nos centros educativos en relación coa matrícula na proba PEB*

1. Os centros educativos de educación secundaria que impartan bacharelato tramitarán as solicitudes do seu alumnado que se presenten en tempo e forma para participar na proba PEB. Así mesmo, entregarán ao alumnado unha copia desta solicitude cunha dilixencia,



asinada pola persoa secretaria do centro, onde conste a data de presentación, a modo de xustificante de presentación de dita solicitude.

2. A información proporcionada nas solicitudes será trasladada con celeridade pola persoa secretaria do centro educativo á aplicación informática «Avalia» (<https://www.edu.xunta.gal/avalia>), segundo as instrucións técnicas que proporcione a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

3. As solicitudes de participación na proba PEB que non sexa posible trasladar á aplicación informática Avalia (<https://www.edu.xunta.gal/avalia>) e todas as que indiquen exención de avaliación na materia de Lingua Galega e Literatura II e/ou solicitude de valoración de medidas de adaptación por necesidades específicas de apoio educativo serán escaneadas e enviadas pola persoa secretaria do centro educativo ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal de xeito inmediato. Todas as solicitudes físicas de matrícula na proba PEB quedarán depositadas nos centros educativos a disposición do Servizo de Avaliación do Sistema Educativo durante un ano completo.

4. Os centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en que está o expediente académico do alumnado de centros privados enviarán a certificación académica de bacharelato do alumnado que non teña todo o seu expediente académico recollido na base de datos da aplicación XADE, na que se reflecta a cualificación final a que se refire o artigo 4.b) desta orde, asinada pola persoa secretaria co visto e o praxe da persoa directora. Esta certificación enviarase ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal

Artigo 7. *Relación provisional e definitiva de alumnado matriculado na proba PEB*

1. O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo, rematado o prazo de matrícula e tras examinar as solicitudes de matrícula trasladadas á aplicación Avalia e as recibidas por correo electrónico dos centros educativos xunto coa documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá a relación provisional de solicitudes de matrícula admitidas e excluídas e os motivos de exclusión, no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática «PremiosEdu» (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

2. O alumnado disporá dun prazo de corrección de erros materiais na matrícula de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación das relacións provisio-



nais de solicitudes de matrícula admitidas e excluídas. Durante ese prazo poderá emendar erros e a falta de documentación, presentando unha reclamación (anexo II) no centro educativo de referencia. O centro educativo dirixirá a reclamación ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal e entregará unha copia da dita reclamación á/ao alumna/o cunha dilixencia, asinada pola persoa secretaria do centro, onde conste a data de presentación, a modo de xustificante de presentación da dita reclamación.

Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición.

O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo publicará a relación definitiva de alumnado admitido e excluído da matrícula no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación da relación definitiva de alumnado admitido e excluído da matrícula.

Artigo 8. *Características da proba PEB*

1. A proba PEB será presencial, en convocatoria única en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e realizarase de forma simultánea nas distintas sedes que estableza a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. Será admitido á proba PEB, condicionalmente, o alumnado que na data da súa realización estivese pendente de resolución de emenda da solicitude de matrícula.

3. O alumnado matriculado deberá realizar a proba PEB, con carácter xeral, na sede que lle corresponda segundo o centro educativo en que se atope o seu expediente académico. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá autorizar cambios de sede por causas debidamente xustificadas, previa solicitude da persoa interesada. A relación das distintas sedes e a listaxe de centros educativos asignados a cada unha delas publicarase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

4. Para a realización da proba PEB o alumnado matriculado acreditará a súa identidade co DNI, pasaporte, NIE ou calquera outro documento recoñecido en dereito.



5. O alumnado matriculado con necesidades específicas de apoio educativo deberá facer constar dita circunstancia na solicitude para que se poidan valorar as medidas de adaptación que se consideren necesarias e deberá achegar a documentación que acredite tal condición, tal como se especifica no artigo 5 desta orde. Con carácter xeral as medidas que se contemplan son: ampliación de tempo, adaptacións de formato e criterios de corrección específicos segundo o protocolo para intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe da Xunta de Galicia.

6. Todo o alumnado participante deberá empregar a lingua galega e a lingua castelá na realización da proba PEB, agás aquel que teña recoñecida a exención de avaliación en Lingua Galega e Literatura II.

Artigo 9. *Estrutura da proba PEB*

1. A proba PEB estruturarase en dúas partes, cada unha delas para desenvolver en dúas horas:

1.1. Primeira parte, que constará dun exercicio, para desenvolver en dúas horas:

1.1.1. Análise e comentario crítico de texto ou textos, sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico, científico ou literario.

Para a resolución do exercicio será necesario usar as dúas linguas cooficiais, agás aquel alumnado que teña recoñecida a exención de avaliación na materia de Lingua Galega e Literatura II, que poderá realizar todo o exercicio en lingua castelá.

O único exercicio desta parte da proba PEB cualificarase entre 0 e 20 puntos cun decimal.

1.2. Segunda parte, que constará de dous exercicios, para desenvolver en dúas horas:

1.2.1. Primeiro: resposta a cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto na primeira Lingua Estranxeira II cursada polo alumnado como materia común do bacharelato. O exercicio realizarase sen dicionario e no idioma correspondente.

1.2.2. Segundo: desenvolvemento de temas, respostas a cuestións e/ou exercicios prácticos dunha materia de modalidade cursada polo alumnado, a elixir entre as seguintes,



segundo a modalidade de bacharelato cursada: Ciencias Xerais, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II, Debuxo Artístico II, Análise Musical II e Artes Escénicas II.

Cada un dos dous exercicios desta parte da proba PEB cualificaranse entre 0 e 10 puntos cun decimal.

2. A cualificación de cada parte da proba PEB obterase mediante a suma das cualificacións dos exercicios que a compoñen.

3. A cualificación total será a suma das cualificacións obtidas en cada parte da proba PEB.

4. A proba PEB desenvolverase mediante un procedemento que garanta o anonimato das persoas aspirantes durante a corrección de todos os exercicios.

5. En todos os exercicios que compoñen a proba valorarase a corrección das respostas e a demostración de coñecementos; a claridade e calidade da exposición; a coherencia e cohesión dos contidos e a axeitada estruturación e presentación de cada unha das respostas aos exercicios.

Artigo 10. *Tribunal*

1. Para elaborar, supervisar e avaliar a proba PEB a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa designará un tribunal mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*, no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

O tribunal estará composto por unha/un presidenta/e, e ata un máximo de seis vogais, coa categoría de subdirectora xeral ou subdirector xeral, xefa/e de servizo ou inspectoras/es de educación.

A/o presidenta/e deberá ser unha subdirectora xeral ou un subdirector xeral, ou unha inspectora ou un inspector de educación.

Actuará como secretaria/o, con voz e sen voto, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.



2. O tribunal responsabilizárase da elaboración e do desenvolvemento da proba PEB, da corrección e cualificación dos exercicios, da elaboración das actas así como da resolución das reclamacións que se produzan contra as cualificacións.

3. Para os efectos de colaboración co tribunal na aplicación e na corrección dos exercicios da proba PEB, poderanse constituír comisións técnicas integradas por funcionarias e funcionarios dos corpos de inspectoras/os de educación, de catedráticas/os de ensinanza secundaria e/ou de profesoras/es de ensino secundario, especialistas nas distintas materias dos exercicios que compoñen a proba PEB.

En todo o regulado neste precepto estarase ao previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 11. *Data e lugares de realización da proba PEB*

1. A realización da proba PEB terá lugar o día 16 de xuño de 2026. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá modificar a data de realización da proba PEB por causas debidamente xustificadas mediante resolución.

2. A proba PEB realizarase nos lugares e no horario que se darán a coñecer mediante resolución publicada no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

Artigo 12. *Publicación das cualificacións e reclamacións*

1. O tribunal fará públicas as cualificacións provisionais obtidas polo alumnado presentado á proba PEB no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>). Na dita listaxe o alumnado aparecerá ordenado alfabeticamente por apelidos e figurará a cualificación de cada un dos exercicios e a cualificación final obtida.

2. O alumnado, as súas persoas representantes legais ou, no caso de menores de idade, a súa nai, pai ou persoas titoras legais poderá reclamar por escrito e de forma motivada contra a cualificación provisional obtida. Para facelo deberán presentar unha reclamación (anexo III) no centro educativo onde realizou a matrícula na proba PEB no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación das cualificacións provi-



sionais. Durante ese prazo o alumnado poderá solicitar a revisión da cualificación dos seus exercicios e unha segunda corrección, presentando unha reclamación (anexo III) no centro educativo de referencia. O citado centro educativo dirixirá os escritos de reclamación de xeito inmediato ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal e entregará unha copia da dita reclamación á/ao alumna/o cunha dilixencia, asinada pola persoa secretaria do centro, onde conste a data de presentación, a modo de xustificante de presentación da dita reclamación. O dito servizo remitirá as reclamacións ao tribunal para a súa análise e resolución.

3. O tribunal encargará a revisión dos exercicios da proba PEB sobre os cales se solicitase reclamación a unha profesora ou profesor especialista distinto ao que realizou a primeira corrección.

4. Para a revisión dos exercicios nos que fora presentada reclamación o profesorado encargado seguirá o seguinte procedemento:

a) En primeiro lugar comprobará que non existen erros de cálculo da cualificación e que fora corrixido e valorado todo o exercicio. No caso de existir error de feito ou aritmético modificarase a cualificación tanto á alza coma á baixa, e esta pasará a ser a cualificación provisional actualizada.

b) Posteriormente realizará unha segunda corrección do exercicio. A cualificación final do exercicio resultará da media aritmética entre a cualificación provisional, actualizada de ser o caso, e a cualificación da segunda corrección.

c) No suposto de que exista entre as dúas cualificacións unha diferenza de 4 puntos ou máis no caso do exercicio de Análise e comentario crítico de texto, ou de 2 puntos ou máis no resto de exercicios, o tribunal efectuará de oficio unha terceira corrección e a cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

5. Finalizada a revisión dos exercicios, o tribunal fará públicas as cualificacións definitivas obtidas polo alumnado presentado á proba PEB no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

6. O tribunal, unha vez rematada a súa actuación, deberá remitir as actas, datos e o resto de documentación ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo.



CAPÍTULO II**Subvención dos premios extraordinarios de bacharelato**

Artigo 13. *Requisitos das persoas solicitantes dos premios extraordinarios de bacharelato*

As persoas solicitantes dos premios extraordinarios de bacharelato deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde, e ademais:

a) Terse presentado á proba PEB na convocatoria de 2026 e ter acadada unha cualificación total mínima de 25 puntos.

b) Ter acadado, como mínimo, unha cualificación de 10 puntos no exercicio de Análise e comentario crítico de texto.

c) Ter acadado, como mínimo, unha cualificación de 5 puntos nos demais exercicios da proba PEB.

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 14. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes de participación nos premios extraordinarios de bacharelato*

1. As solicitudes de participación presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo IV) dispoñible na aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu/>) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>), ou directamente desde a propia aplicación PremiosEdu.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, as/os representantes legais das persoas solicitantes.



3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.gal

Se as dúbidas están relacionadas con esta convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico premios@edu.xunta.gal

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes a partir do día seguinte da publicación das listaxes de cualificacións definitivas da proba PEB da convocatoria de 2026.

Artigo 15. Comprobación de datos para a solicitude de participación nos premios extraordinarios de bacharelato

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Expediente académico dos estudos de bacharelato cursados pola persoa solicitante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.
- g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 16. Documentación complementaria da solicitude de participación nos premios extraordinario de bacharelato

1. As persoas interesadas que subscriban a súa solicitude de participación mediante unha persoa representante, agás aquelas sen capacidade plena de obrar que cursasen os seus estudos en centros públicos ou privados que teñan todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por medios electrónicos.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou



existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa solicitante deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario da solicitude de participación. En ausencia de manifestación expresa, entenderase que a modalidade de notificación escollida é a electrónica.

3. No caso de optar pola notificación en papel efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Relación provisional e definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas aos premios*

1. O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo, rematado o prazo de presentación de solicitudes e logo de examinar estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas e os motivos de exclusión, no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>). Na relación provisional de solicitudes admitidas incluírase a cualificación total, e a cualificación en cada unha das dúas partes acadada polas persoas interesadas na proba PEB da convocatoria 2026.

2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando a solicitude non reúna algún dos datos exixidos na mesma requirirase á persoa interesada para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días emende a falla ou aporte os documentos preceptivos con indicación de que si non o fixera terase por desistido da súa petición, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 do citado texto legal. Durante ese prazo poderá emendar erros ou aportar documentación a través do anexo V dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), preferiblemente por medios electrónicos, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada e achegará, se é o caso, a documentación necesaria. Opcionalmente, o anexo V poderase presentar presencialmente



en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A publicación da relación definitiva do alumnado admitido e excluído realizarase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>). Na relación definitiva de solicitudes admitidas incluírase a cualificación total, e a cualificación en cada unha das dúas partes acadada polas persoas interesadas na proba PEB da convocatoria 2026.

As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación da relación definitiva do alumnado admitido e excluído.

Artigo 20. *Resolución de concesión*

1. Publicada a relación definitiva do alumnado admitido e as súas cualificacións, o Servizo de Avaliación do Sistema Educativo elaborará a proposta de adxudicación dos premios extraordinarios. De acordo co artigo 2 desta orde, seleccionaranse as persoas candidatas coas 20 cualificacións totais máis altas. En caso de empate entre persoas candidatas consideraranse os seguintes criterios de desempate:

1º. Mellor cualificación da primeira parte da proba PEB.

2º. Mellor cualificación no primeiro exercicio da segunda parte da proba PEB.

3º. Mellor nota media á que se refire o artigo 4.b) desta orde.

4º. mellor nota media en segundo curso de bacharelato.

De persistir o empate, realizarase un sorteo.

Os resultados coas cualificacións definitivas das persoas aspirantes publicaranse no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

2. A persoa titular do Servizo de Avaliación do Sistema Educativo elevará a proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



A relación de alumnado premiado comunicárase á Dirección Xeral de Planificación e Xestión Educativa do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

3. O prazo máximo para resolver este procedemento será de cinco (5) meses desde o día seguinte ao da finalización do prazo de inscrición. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 21. *Recurso*

A devandita orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 22. *Obrigas das persoas beneficiarias*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e, en caso de resultar beneficiaria/o, a obriga de:

1. Informar o órgano que concede os premios da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

2. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da citada lei, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



4. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Remitir ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo o modelo 145 do imposto sobre a renda das persoas físicas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada na semana seguinte á publicación da orde de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*.

7. Facilitar ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo a titularidade dunha conta bancaria con 24 díxitos e declarar sobre a veracidade dos datos relativos á devandita conta en que se ingresará, mediante transferencia bancaria, a dotación do premio á que se refire o artigo 2.2 desta orde, segundo o modelo de anexo VI, na semana seguinte á publicación da orde de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*. Esta entrega efectuarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

Artigo 23. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigacións contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga da persoa beneficiaria de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os intereses de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución á que se refire o apartado anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 24. *Modificación da orde de adxudicación*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da orde de concesión dos premios, conforme o artigo 17.4 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 26. *Instrución do procedemento*

O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Avaliación do Sistema Educativo.

Disposición adicional primeira. *Efectos económicos do tribunal e das comisións técnicas*

Para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, o tribunal e as comisións técnicas ateranse á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Disposición adicional segunda. *Publicación na Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións



a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional terceira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Datos persoais do alumnado aspirante*

No referente a obtención dos datos persoais do alumnado aspirante e/ou das súas persoas representantes legais e a seguridade e confidencialidade destes, estarase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de data 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e o establecido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta á lexislación española o citado regulamento.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2026

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades
e Formación Profesional



ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO	SOLICITUDE DE MATRÍCULA NA PROBA PEB

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	
		SEGUNDO APELIDO	
		NIF	

DATOS DO CENTRO			
CENTRO EN QUE CURSOU 2º DE BACHARELATO			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO LOCALIDADE
IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO (só para alumnado de centros privados)			
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO		NOME DO CENTRO EDUCATIVO	

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II CURSADA (marque o recadro correspondente)		
<input type="checkbox"/> Alemán	<input type="checkbox"/> Francés	<input type="checkbox"/> Inglés
<input type="checkbox"/> Italiano	<input type="checkbox"/> Portugués	

MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA (marque o recadro correspondente)
<input type="checkbox"/> Artes-vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño
<input type="checkbox"/> Artes-vía Música e Artes Escénicas
<input type="checkbox"/> Ciencias e Tecnoloxía
<input type="checkbox"/> Humanidades e Ciencias Sociais
<input type="checkbox"/> Xeral

ELIXA A SEGUINTE MATERIA XERAL DO BLOQUE DE MATERIAS OBRIGATORIAS DE MODALIDADE PARA A SEGUNDA PARTE DA PROBA PEB (marque o recadro correspondente)	
<input type="checkbox"/> Ciencias Xerais	<input type="checkbox"/> Matemáticas II
<input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás CCSS II	<input type="checkbox"/> Latín II
<input type="checkbox"/> Debuxo Artístico II	<input type="checkbox"/> Análise Musical II
<input type="checkbox"/> Artes Escénicas II	

EXENCIÓN	
A persoa aspirante comunica a exención de avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura II	<input type="checkbox"/>

ADAPTACIÓN	
A persoa aspirante solicita a valoración de medidas de adaptación por necesidades específicas de apoio educativo	<input type="checkbox"/>



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**ANEXO I**
continuación

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Publicación de listaxes en páxinas web. A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	Persoas interesadas e público en xeral. As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 25 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os Premios Extraordinarios de Bacharelato correspondentes ao curso 2025/26 (código de procedemento ED311A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de

Xacobeo  **2027****XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO	CORRECCIÓN DE ERROS NA MATRÍCULA NA PROBA PEB

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

PRESENTA

De acordo co previsto no artigo 7.2 da orde de convocatoria, reclamación contra as relacións provisionais de solicitudes de matrícula admitidas e excluídas:

Motivo da reclamación:

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de	de		

Xacobeo  **2027**

ANEXO III

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO	RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA PROBA PEB

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

PRESENTA	
De acordo co previsto no artigo 12.2 da orde de convocatoria, reclamación contra a cualificación obtida na/nas materia/s de:	
<input type="checkbox"/> Comentario de texto	<input type="checkbox"/> Primeira lingua estranxeira II
<input type="checkbox"/> Ciencias xerais	<input type="checkbox"/> Matemáticas II
<input type="checkbox"/> Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	<input type="checkbox"/> Latín II
<input type="checkbox"/> Debuxo artístico II	<input type="checkbox"/> Análise musical II
<input type="checkbox"/> Artes escénicas II	
Motivo da reclamación:	

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Lugar e data			
	,	de	de


Xacobeo  **2027**



**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO IV

PROCEDEMENTO PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED311A 	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR

CONTACTO

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL PREFIXO OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Postal (deberá cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

**ANEXO IV
(continuación)**
DATOS DO CENTRO

CENTRO EN QUE CURSOU 2º DE BACHARELATO

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO (só para alumnado de centros privados)

CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO

NOME DO CENTRO EDUCATIVO

MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA (marque o recadro correspondente)

- Artes (vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño)
 Artes (vía de Música e Artes Escénicas)
 Ciencias e Tecnoloxía
 Humanidades e Ciencias Sociais
 Xeral

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II EXAMINADA NA PROBA PEB (marque o recadro correspondente)

- Alemán Francés Inglés
 Italiano Portugués

MATERIA XERAL DO BLOQUE DE MATERIAS OBRIGATORIAS DE MODALIDADE NA PROBA PEB

(marque o recadro correspondente)

- Ciencias Xerais Matemáticas II
 Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II Latín II
 Debuxo Artístico II Análise Musical II
 Artes Escénicas II

EXENCIÓN

A persoa aspirante comunicou a exención de avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura II na proba PEB

ADAPTACIÓN

A persoa aspirante solicitou a valoración de medidas de adaptación por necesidades específicas de apoio educativo na proba PEB

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que acepta todas as bases da convocatoria e que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.
 7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
 8. Que se compromete a manter os devanditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que se durante este período deixa de cumprir algúns dos requisitos detallados na declaración, comunicarllo ao órgano xestor.




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**
**ANEXO IV
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

(As persoas interesadas que subscriban a súa solicitude de participación mediante unha persoa representante, agás aquelas sen capacidade plena de obrar que cursasen os seus estudos en centros públicos ou privados que teñan todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE)

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación no caso de actuar por medio de representante			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Expediente dos estudos de bacharelato cursados pola persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
--	--

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Publicación de listaxes en páxinas web. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	Persoas interesadas e público en xeral. As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 25 de maio de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2025/26 (código de procedemento ED311A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de
Xacobeo  **2027**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO V

RECLAMACIÓN CONTRA AS RELACIÓNS PROVISIONAIS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

ED311A - PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PRESENTA

De acordo co previsto no artigo 19.2 da orde de convocatoria, reclamación contra as relacións provisionais de solicitudes admitidas e excluídas:

MOTIVO DA RECLAMACIÓN**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**Lugar e data , de de **Xacobeo**  **2027**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO VI

SOLICITUDE DE DATOS BANCARIOS

ED311A - PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS Formato IBAN Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Xacobeo  **2027**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>